

## ENCONTRO DO OBSERVATORIO ES-FACTORY

17 de decembro de 2025  
9:30-13:30 horasCIDADE DA CULTURA.  
Sala 9. Edificio Fontán.  
Santiago de CompostelaES-FACTORY  
Economía Social  
Galicia-Norte de PortugalEncontro do Observatorio ES-Factory para a Cooperación  
Galicia-Portugal: Gobernanza, Igualdade e Territorio en Clave  
Transfronteiriza

## PROGRAMA

**9:30 – 10:00 | Acreditación asistentes**

- *Recepción, entrega de material e asignación de grupos de traballo.*

**10:00 – 10:20 | Benvida institucional**

- *Contextualización do Observatorio ES-Factory, obxectivos do encontro e explicación da metodoloxía de traballo en mesas.*

**10:20 – 11:10 | Sesión temática 1: Igualdade de xénero e oportunidades na economía social**

- *Apertura: diagnóstico, avances e retos compartidos entre Galicia e Norte de Portugal*
- *Traballo en mesas: identificación de problemáticas, solucións e oportunidades de acción.*
- *Presentación de conclusións: Posta en común de resultados de cada mesa, reflexión conxunta e debate entre participantes.*
- *Obxectivo: xerar propostas aplicables ao ecosistema galego-portugués.*

**11:10 – 12:00 | Sesión temática 2: Economía social en zonas rurais de baixa densidade**

- *Apertura: experiencias relevantes de Galicia e Norte de Portugal.*
- *Traballo en mesas: análise de desafíos comúns, modelos inspiradores e solucións transferibles.*
- *Presentación de conclusións: Posta en común de resultados de cada mesa, reflexión conxunta e debate entre participantes.*
- *Obxectivo: detectar pancas de innovación social en territorios rurais.*

**12:00 – 12:20 | Pausa café****12:20 – 13:10 | Sesión temática 3: Gobernanza e cooperación transfronteiriza**

- *Input técnico inicial: redes existentes, barreiras e oportunidades POCTEP.*
- *Traballo en mesas: mapeo colaborativo de actores, obstáculos e liñas de cooperación.*
- *Presentación de conclusións: Posta en común de resultados de cada mesa, reflexión conxunta e debate entre participantes.*
- *Obxectivo: identificar propostas para unha axenda estratéxica Galicia-Norte de Portugal.*

**13:10 – 13:30 | Clausura institucional**

- *Síntese de resultados preliminares e peche*

O proxecto 0259\_ES\_Factory\_1\_E está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España - Portugal 2021 – 2027.

XUNTA  
DE GALICIAAsociación Galega de  
Cooperativas Agroalimentarias

unión de cooperativas galegas

AGROPORCIÓN EMPRESARIAL  
DE SOCIEDADES LABORAIS  
DE GALICIAUNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELAUNIVERSIDADE  
DE TRÁS-OS-MONTES  
E ALTO DOUROTECMINHO  
UNIVERSIDADE DO MINHO INTERFACEIncubadora de  
Iniciativas Empresariais  
Inovadoras

## ENCONTRO DO OBSERVATORIO ES-FACTORY

17 de decembro de 2025  
9:30-13:30 horasCIDADE DA CULTURA.  
Sala 9. Edificio Fontán.  
Santiago de CompostelaES-FACTORY  
Economía Social  
Galicia-Norte de PortugalEncontro do Observatorio ES-Factory para a Cooperación  
Galicia-Portugal: Gobernanza, Igualdade e Territorio en Clave  
Transfronteiriza

## DINÁMICA DE TRABALLO E RESULTADOS

O encontro desenvolverase mediante unha **metodoloxía participativa, estruturada e orientada a resultados**, deseñada para favorecer a análise compartida entre Galicia e Norte de Portugal e xerar propostas aplicables dentro do marco do proxecto É-Factory (Actividade 6 do POCTEP).

A dinámica articúlase en **3 sesións temáticas consecutivas**.

**1. Distribución en mesas de traballo:** Os participantes serán organizados en mesas de traballo, mesturando perfís e procedencias para asegurar diversidade de perspectivas.

**2. Estrutura metodolóxica de cada sesión temática:** Cada sesión (45-50 minutos) divídese en tres fases complementarias:

**a) Achega técnica inicial (aprox. 10 minutos):** Un experto introduce o tema cun diagnóstico conciso: contexto, datos relevantes, retos compartidos e referencias inspiradoras. Esta intervención actúa como un punto de partida común que aliña a comprensión de todos os participantes.

**b) Traballo colaborativo en mesas (20-25 minutos):** Os grupos traballan guiados por preguntas crave adaptadas a cada eixo temático. O obxectivo é elaborar unha primeira identificación de: problemáticas existentes, solucións viables ou experiencias transferibles, retos que requiren intervención e oportunidades para a cooperación Galicia-Norte de Portugal.

**c) Presentación de conclusións e debate xeral (15 minutos):** Cada mesa expón sinteticamente as súas conclusións #ante o resto de participantes. Este espazo permite: contrastar visións, participación e xeración de debate intergrupalo, enriquecemento de propostas e detección de puntos de converxencia e diverxencia entre territorios.

Este intercambio entre as distintas mesas favorece a aparición de ideas transversais e miradas complementarias.

○ **RESULTADOS DA XORNADA:**

O enfoque metodolóxico está deseñado para xerar resultados útiles, accionables e coherentes cos obxectivos do Observatorio É-Factory.

Este encontro permitirá obter **liñas estratéxicas emerxentes que orientarán as futuras liñas de traballo do proxecto É-Factory**, así como **conclusións prácticas por cada eixo e oportunidades reais de colaboración transfronteiriza**. Os resultados e conclusións recolleranse nun documento de síntese, que será publicado no Observatorio.

O proxecto 0259\_ES\_Factory\_1\_E está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España - Portugal 2021 - 2027.

XUNTA  
DE GALICIA